



Catálogo de patrimonio cultural


de data 22 NOV. 2010

Código: 0101ARQ CON 07

Denominación: Casa prioral e horta murada

Localización: Atás

Parroquia: Atás, Sta. María das Busto



Coordenadas UTM 29T 618248.53E 4653246.96N

Nº de plano: 2e7

Tipoloxía: Casa reitoral

Descrición: Casa grande reitoral de estilo barroco compostelán, con construcións accesorias. Seguen unha disposición en L arredor dun curral cun portalón no que hai un escudo eclesiástico non identificable. A reitoral ten dous andares, o superior vivideiro e o inferior para adegas e almacéns. A fachada segue un deseño simétrico, con fenestración regular e unha escalinata exterior dobre que dá acceso ao andar superior.

A finca cae suavemente ao noroeste e está rodeada de varios muros en socalcos e unha ringleira de arborado no límite mais exterior. Da fronte á igrexa parroquial (0101RELIG06).

Titularidade: Institucional privada

Estado de conservación: Moi bo

Grado de protección: Integral

Calificación do solo: Solo de Núcleo Rural

Ordenanza: 4

Actuacións e usos permitidos e prohibidos: Actuacións e usos permitidos: os que determina o nivel de protección.

As obras permitidas serán as tendentes á conservación e posta en valor da edificación, conxunto ou elemento catalogado, dotándoos excepcionalmente do uso ou usos que, sendo compatibles coas súas características e condicións orixinais, garantan mellor a súa permanencia. Deste xeito, permítense as obras cuxo fin sexa a conservación e restauración, é dicir, as obras de conservación, restauración e recuperación, quedando expresamente prohibidas todas as demais. Tamén prohibense as obras de corta ou poda non curativa de especies arbóreas autóctonas ou non, que formen parte relevante da composición, do sistema produtivo da tradición ou da simple xardinería do área ou contorno inmediato do ben catalogado. Exceptúase esta norma cando a árbore ou as súas partes supoñan perigo para a integridade do ben.

Actuacións e usos prohibidos: os que determina o nivel de protección.

Observacións: Proponse a súa reutilización como equipamento de sistema xeral. Foi obxecto dunha recente restauración, con solucións agresivas polo emprego de técnicas constructivas alleas.

O espazo exterior inmediato padece unha resolución técnica, un mantemento e unha limpeza inadecuados.

Proponse a súa reutilización como equipamento de sistema xeral.



CONCELLO DE CUALEDRO (Ourense)
DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia reproduce o orixinal que se me exhibe.
Cualedro, 29 de xullo de 2010

[Firma]

DOCUMENTO DE TRAMITACIÓN

Xullo 2010